

OBRADOIRO**O LOBO NO RURAL****GONZÁLEZ SOTELO, LOURDES***C.P.I. Poeta Uxío Novoneyra
Folgozo do Courel (Lugo)***RESUME:**

Durante o curso 2014/2015, quixemos averiguar as razóns da conflictividade que existe no rural co lobo ibérico e propoñer algunha solución para poder convivir co único gran carnívoro da península Ibérica que non se atopa en perigo de extinción (polo menos ó norte do río Douro). Para isto entrevistamos a@s implicad@s: ganadeir@s, cazador@s, ecoloxistas, científic@s e a persoal da administración pública, Xunta de Galicia. Unha vez que defensores e detractores da presenza do lobo expuxeron os seus argumentos, fixemos unha posta en común entre os centros da montaña lucense: Ancares, O Courel y Pedrafita do Cebreiro. Hai que dicir que todo isto foi posible grazas a financiación da Fundación Barrié, que premiou o noso proxecto na III Convocatoria de Proxectos Escolares.

O resume da percepción do lobo no rural plasmámolo nun cartaz que poderán ver na exposición, e que estará dispoñible para todos os centros de España e Portugal que así o soliciten. Para nós é importante desmentir algúns mitos que existen en torno á figura do lobo, moi extendidos na nosa zona, así como aportar solucións a este problema, xa que humanos e lobos deben entenderse polo ben do rural e polo ben desta especie, e por tanto, de todo o ecosistema.

PALABRAS CLAVE:*Lobo, conflictividade, rural.*